



3. Clasifica en agudas (A), graves (G) ou esdrúxulas (E) estas palabras. Despois completa axeitadamente as oracións que as seguen.

louza  — louzá

- Gústame ese cadro que representa unha campesiña galega ..... e esvelta.
- Despois de gardar a ..... no seu sitio, freguei a cociña.

cagado  — cágado

- Vou ter que cambiarlle o cueiro ao bebé porque está .....
- Acabo de ver un ..... nese regato.

ananas  — ananás

- Os bonsais son unhas árbores ..... que poden alcanzar un gran valor.
- Gústame facer zumes mesturando varias froitas: laranxa, ....., pomelo...

revólver  — revolver

- Ela estivo a ..... nos meus papeis e agora non atopo ese documento.
- O ..... do bandido quedou sen balas e tivo que se render.

soán  — soan

- As voces desta coral ..... de marabilla.
- O vento ..... adoita ser quente.

cábala  — cabala

- Montaron unha gran ..... para conseguir a destitución do ministro.
- Aquí está o peixe grellado: para min é a ..... e para ti os xurelos.

area  — área

- A ..... desta praia é das máis finas e brancas que vin nunca.
- O helicóptero buscou os desaparecidos nunha ..... de máis de 200 km cadrados.

temperá  — témpera  — tempera

- Eu antes pintaba moito con acuarelas, mais agora prefiro a .....
- Podes pousar a cunca co leite quente preto da fiestra para ver se .....
- Os expertos din que, debido á calor, este ano o viño terá unha maduración .....